



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 28 de decembro de 2010, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario de Pontevedra, considera pertinente, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

SUGAMMADEX

na indicación de **Reversión inmediata do bloqueo neuromuscular** inducido por Rocuronio, restrinxíndose ás seguintes condicións:

- Situacións clínicas nas que a redución do tempo de recuperación sexa vital para o paciente:
Intubación difícil non previsible ou ventilación fallida, intubación de secuencia rápida.
- Reversión inmediata do bloqueo profundo por razóns críticas.
- Contraindicación a Neostigmina ou Succinilcolina.

A dispensación será como medicamento controlado con solicitude individualizada por paciente ao servizo de farmacia do centro, en impreso específico.

Como medicamento considerado de especial seguimento, debe reportarse a esta CACFT os datos de consumo semestral.

Santiago de Compostela, 09 de febreiro de 2011

A PRESIDENTA DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL
DE FARMACIA E TERAPÉUTICA



M^a Nieves Domínguez González

COMISIONS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE